

AS HISTORIAS DO LOBO DE AREA

Texto de ÅSA LIND

Ilustracións de MARÍA ELINA MÉNDEZ

Tradución de ANTÓN LADO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 112 páx. 16 €.
PREMIO NILS HOLGERSSON 2003 (Bibliotecas de Suecia)

[As historias do Lobo de Area](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-032-4. Sete Leguas.

[Las historias del Lobo de Arena](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-033-1. Sete Leguas.

[Les històries del Llop de Sorra](#) (català)

ISBN 978-84-16804-97-9. Set Llegües.

*Zackarina vivía nunha casa á beira do mar co seu pai e coa súa nai.
Nos arredores da casa había dous bidueiros xeitosos,
dos que penduraba unha hamaca. Aínda que, hoxe,
non era exactamente unha hamaca, senón un barco pirata,
e Zackarina era a capitá...*

Xa están aquí as novas aventuras do Lobo de Area e da pequena Zackarina! Se na primeira parte da triloxía a nena amosaba o seu enfado porque os seus pais non paraban de traballar e non tiñan tempo para ela, esta segunda entrega transcorre coa complicidade e coa atención dos adultos, mentres a protagonista segue medrando con novas experiencias e enriquecedoras leccións vitais: a amizade, os medos, a morte, a paciencia... sempre ao carón do seu mellor amigo, que a escoita, comprende e comparte con ela a súa sabedoría e desbordante imaxinación!

En «As historias do Lobo de Area» habitan os planetas divertidos, os recordos felices e tamén os máis amargos, fondas reflexións sobre o tempo, a realidade e a condición humana, enfoques reconfortantes fronte á frustración e ao ímpeto infantil, a faísca que acende os contos...

Zackarina conserva a súa frescura e a súa rebeldía, o carácter inqueda e unha insaciable curiosidade, cuestionando as decisións unilaterais dos maiores, buscando o seu propio espazo de resistencia no mundo adulto, dialogando sobre as cuestións máis insólitas, recorrendo sorprendentes ideas. A protagonista feminina desta saga de Åsa Lind destaca pola súa impactante personalidade, espello no que mirarse moitas lectoras e lectores mentres a narración e os diálogos transcorren con fluidez e naturalidade, entre os destellos literarios dunha coidada linguaxe.

Cálidas e luminosas, con vigorosos contrastes cromáticos, as ilustracións de María Elina rodéannos co rumor do mar, coa brisa nos abetos e coa materia prima da que está feito este Lobo máxico, entrañable e soñador, perfecto compañeiro de xogos e de fantasías.



■ **Temática:** continuación da historia dunha nena e do seu amigo invisible.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** familia, relación entre nais e pais -e os adultos en xeral- cos seus fillos/as; afectividade, emocións; Premio Nils Holgersson (Suecia); da autora e da ilustradora de «[O Lobo de Area](#)»; da ilustradora de «[Donde nace la noche](#)» (VII Premio Cidade de Orihuela, KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-historias-do-lobo-de-area-g>

Åsa Lind

(Karbäcken, Suecia, 1958)

Pasou a nenez nunha vila ao norte de Suecia, escoitando contos de fadas e forxando o seu interese pola literatura, antes mesmo de aprender a ler. Escribiu máis de 200 contos radiofónicos e en 1995 publicou o seu primeiro libro. Tras compaxinar a faceta de autora co xornalismo, na actualidade traballa exclusivamente como escritora. Cunha vintena de obras, forma parte da Academia Sueca de Literatura Infantil. Recibiu, entre outros, os premios Nils Holgersson 2003 e Kulla-Gulla 2014.

<http://www.instagram.com/asalindasa>

María Elina Méndez

(Bos Aires, 1975)

Deseñadora de Imaxe e Son (Universidade de Bos Aires). Completou a súa formación con talleres e proxectos sobre fotografía, artes plásticas, escenografía e ilustración. Dende 2011 expón os seus traballos na galería Mar Dulce. Colabora co suplemento cultural do diario La Nación. Ilustrou libros para editoriais de Arxentina, México, España e Francia. Foi seleccionada para o Catálogo Iberoamericano de Ilustración e a Premier de Latin American Illustration.

<http://www.mariaelinamendez.com>

